



SECRETARÍA

Praza do Concello n1- Petelos  
36416 – Mos (Pontevedra)  
Tfno.: 986 331 200  
Fax. 986 336 618

ROF		
EXPEDIENTE	Sesión extraordinaria e urxente do Pleno do Concello 27.01.2015	Ref. 01/2015
TRÁMITE	Acta	

## ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO 27 DE XANEIRO DE 2015

No Salón de actos do Concello de Mos, sendo as 20:00 horas do día 27 de xaneiro de 2014, reúnese o Pleno deste Concello, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup> Nidia María Arévalo Gómez, có fin de celebrar sesión extraordinaria e urxente segundo a orde do día fixado por Resolución da Alcaldía e notificado aos Srs. Concelleiros.

### Asisten os seguintes Srs. Concelleiros:

Polo grupo municipal P.P.:

D. Óscar Soto Abadín  
D<sup>a</sup>. Julia Loureiro Campo  
D. Alberto Méndez Lago  
D. José Luis Alonso Seijo  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Raquel Monzón Otero  
D. Cándido Pérez Rodríguez  
D<sup>a</sup>. Sara M<sup>a</sup> Cebreiro Alonso  
D. Camilo Augusto Martínez  
D. Isidoro José Táboas Moldes

Polo grupo municipal PSdG-PSOE:

D. Alfonso Parada Fernández  
D. Tomas García Morgadas  
D<sup>a</sup> Delfina Rodríguez Lorenzo  
D<sup>a</sup>. Patricia Pérez Ucha  
D. Gerardo Guisande Alonso

Polo grupo municipal B.N.G.:

D. Miguel Anxo Aldea Moscoso  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Vila Blanco

Secretario accidental,  
Víctor Rodríguez Pérez

Interventor,  
Sergio Rodríguez Pérez

### **1. Ratificación da urxencia e suspensión da sesión ordinaria do vindeiro xoves.**

Antes de iniciar a sesión Alcaldesa agradece aos membros da corporación a súa boa disposición para a celebración deste Pleno extraordinario para tratar o convenio de transporte no lugar do ordinario.

A continuación procedese a votar a ratificación da urxencia e a suspensión da sesión ordinaria do vindeiro xoves é resulta aprobada por unanimidade dos membros da Corporación.,



SECRETARÍA

Praza do Concello n1 - Petelos  
36416 - Mos (Pontevedra)  
Tfno.: 986 331 200  
Fax. 986 336 618

## **2. Aprobación do borrador da acta sesión anterior (19 de decembro).**

Ao abeiro do sinalado no artigo 91.1º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a acta da sesión celebrada con data 19 de decembro de 2014

O Sr. Parada Fernández quere que conste que en Rogos e Preguntas preguntou por estado do expediente da apertura dunha entrada nun muro de peche atravesando unha propiedade municipal e contestouseme que non se mirara todavía pero que se miraría.

De seguido procedese á súa votación ordinaria, aprobándose por unanimidade dos membros da Corporación.

## **3. Proposta de adxudicación do dereito de aluguer de tres vivendas de titularidade municipal sitas na Urbanización de San Eleuterio**

Dáse conta que o expediente foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Benestar social, celebrada o 26 de xaneiro de 2015.

Non habendo intervencións, o Sra. a Presidenta, somete a votación ordinaria, e resulta aprobada por unanimidade dos membros da Corporación o seguinte ACORDO:

Adxudicar do dereito de aluguer das seguintes vivendas de titularidade municipal sitas na Urbanización de San Eleuterio, como segue:

- E2 Baixo B: Adxudicado a: Dna. Ana Belén Novo Lorenzo

Lista reserva: D. Maradin Lionel-Cristi  
Dna. Sonia Lago Carrera

- E1 Baixo B: Adxudicado a: Dna. Beatriz Gómez Iglesias

Lista reserva: D. José Blas Castro Duarte  
Dna. Ana María Alonso Collazo

- E1 1º B: Adxudicado a: D. Raúl Antonio Pedrosa Bompastor

Lista reserva: D. Maradin Lionel-Cristi  
Dna. Ana Belén Novo Lorenzo

## **4. Cesión do Centro de Saúde ao Servizo Galego de Saúde, SERGAS.**

Dáse conta que o expediente foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Contas, Emprego, Economía e Patrimonio, celebrada o 26 de xaneiro de 2015.

Non habendo intervencións, sometese o acordo a votación ordinaria, e por unanimidade dos membros da Corporación, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:



SECRETARÍA

Praza do Concello n1- Petelos  
36416 – Mos (Pontevedra)  
Tfno.: 986 331 200  
Fax. 986 336 618

**Primeiro.-** A aprobación da cesión gratuíta do centro de saúde ao Servizo Galego de Saúde, SERGAS, coas seguintes referencias catastrais:

**36033A036000830001DJ**  
**36033A036000830000SH**

**Segundo.-** Notificar o acordo ao Servizo de Patrimonio da Dirección de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde aos efectos oportunos.

#### **5. Revocación da delegación da Taxa do lixo.**

Dáse conta que o expediente foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Contas, Emprego, Economía e Patrimonio, celebrada o 26 de xaneiro de 2015.

O Sr. Aldea Moscoso explica que o seu grupo vai cambiar o senso do voto e van votar negativamente xa que pensan que este punto está relacionado co seguinte e ademais que se faga cargo a Deputación do que lle cedimos que sea ela quen negocie coa empresa correspondente.

A Alcaldesa dille que esta de acordo co que di, pero que na administración non sempre se pode facer o que se quere, que non ten dúbida que a Deputación queira asumir a recollida de lixo pero o problema e cando queda deserta a licitación; polo que non é loxico agora que o Concello sexa quen teña que seguir a recollendo o lixo e non sexa quen cobre

A continuación sometese o acordo a votación ordinaria, aprobase por maioría cos votos a favor do grupo municipal do Partido Popular (10) e do grupo municipal do P.S.deG.-P.S.O.E.(5) e co voto en contra do B.N.G.(2), o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Revocar a delegación aprobada por acordo plenario de data 25.09.2014 a favor da Deputación Provincial da Pontevedra das facultades de xestión, inspección, liquidación, recadación e revisión da taxa de recollida de lixo.

**Segundo.-** Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial para os efectos oportunos.

#### **6. Modificación de crédito nº 02/15 S.C. e C.E. nº 01/15**

Dáse conta que o expediente foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Contas, Emprego, Economía e Patrimonio, celebrada o 26 de xaneiro de 2015.

Non habendo intervencións, sometese o acordo a votación ordinaria, aprobase por maioría cos votos a favor do grupo municipal do Partido Popular (10) e do grupo municipal do P.S.deG.-P.S.O.E.(5) e co voto en contra do B.N.G.(2), o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Aprobación do expediente de modificación de crédito EXP. MC 02/15 SC-CE 01/15, dotando crédito nas seguintes partidas debendo, no seu caso, á baixa dos créditos polo importe correspondente:

<b>Partida</b>	<b>Denominación</b>	<b>Importe</b>
162.227.0600	Servizo recollida de lixo	375.451,85
162.227.0601	Servizo tratamento residuos	375.451,85

**Segundo.-** Proceder ao trámite de información pública por prazo de 15 días hábiles, no BOP;

SECRETARÍA

prazo durante o que os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno, considerárase definitivamente aprobado se ao remate do período de exposición non se tivesen presentado reclamacións; no caso contrario requirirase acordado expreso polo que se resolvan as formuladas e se aprobe definitivamente. O expediente definitivamente aprobado será insertado no Boletín Oficial da Corporación, se o tivera, e resumido por capítulos, no da Provincia.

**7. Modificación de crédito nº 03/15 T.C. nº 01/15**

Dáse conta que o expediente foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Contas, Emprego, Economía e Patrimonio, celebrada o 26 de xaneiro de 2015.

O Sr. Parada Fernández di que manterán a seu voto negativo porque non están de acordo coa distribución das partidas.

Preguntado cal sería a súa opción, responde que hai partidas sociais que non se están tendo en conta; pensan que xa no presuposto iba unha cantidade suficiente para infraestruturas e obras, e agora casi se duplica.

Responde a Alcadesa que benestar social aumentou ata o marxe que permite a Xunta, senon non nos daría subvención.

O Sr. Parada Fernández pide que quede sobre a mesa e que volva a comisión.

A Alcadesa di que xa estivo en comisión e que agora necesítase reparar as estradas que están destrozadas e algun saneamento urxente.

O Sr. Parada Fernández propón que se duplique a cantidade para axuda a muller e ao mesmo tempo que se suba a partida de alumeadado.

Contesta a presidencia que a partida de alumeadado foi incrementada no orzamento 2015 con 50.000 euros e co que se destina agora considerárase unha cantidade razoable.

Rematase aceptando a proposta de retirar 15.000 euros da partida de Estradas e incluílas en Benestar social.

O Sr. Aldea Moscoso estaría de acordo en incrementar as partidas sociais e que no resto o que habería que facer e pagar facturas que non quedara ningunha cando chegan as eleccións.

Responde a Alcadesa que este diñeiro é para pagar facturas, e que o quede libre dispoñible entón adicariase a proxectos novos.

Tras o debate sometése o acordo a votación ordinaria, aprobábase por maioría cos votos a favor do grupo municipal do Partido Popular (10) e do grupo municipal do P.S.deG.-P.S.O.E.(5) e coa abstención do B.N.G.(2), o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Aprobado o presente expediente MC 03/15 TC 01/15 de modificación de créditos por transferencia de crédito co seguinte contido:

As partidas que reciben crédito son:

Área	Partida	Destino	Euros
Policía local	130.221.0400	Vestuario	2.000
Policía local	130.221.0300	Combustible	2.000
Prot. Civil	134.226.6000	Gastos xerais protección civil	5.000
Prot. civil	134.481.9900	Agrupación protección civil	3.000
Urbanismo	151.227.0000	Estudios e traballos	20.000
Abat. e saneam.	161.629.0000	Equipamentos e infraestruturas	240.000
Abat. e saneam.	161.210.0000	Conservación	10.000

SECRETARÍA

Lixo	162.227.0600	Recollida lixo	125.000
Lixo	162.227.0601	Tratamento residuos	200.000
Alumeado	165.221.0000	Enerxía eléctrica	30.000
Alumeado	165.625.0000	Mellora infraestruturas	20.000
Medio. Amb.	170.226.1000	Gastos diversos	5.000
Medio. Amb.	170.625.0000	Mobiliario	10.000
Parques	171.210.0000	Gastos xerais	10.000
Parques	171.622.0000	Equipamentos	70.000
Benestar	231.227.0601	Axuda no fogar	55.000
Emprego	241.221.0000	Enerxía eléctrica	3.000
Educación	321.221.0000	Enerxía eléctrica	5.000
Educación	321.622.0000	Equipamentos	10.000
Cultura	331.226.0900	Actividades varias	25.000
Biblioteca	332.221.0000	Enerxía eléctrica	4.000
Biblioteca	332.622.0000	Equipamentos	1.000
Multiusos	33101.221.0000	Enerxía eléctrica	5.000
Deportes	340.226.0706	Gastos varios	17.000
Deportes	340.622.0000	Equipamentos	15.000
Piscina	34201.221.0000	Enerxía eléctrica	8.000
Piscina	34201.622.0000	Equipamentos	8.000
Pavillóns	34202.221.0000	Enerxía eléctrica	5.000
Transporte	440.480.0000	Transporte metropolitano	10.000
Estradas	453.210.0000	Conservación	35.000
Estradas	453.629.0000	Mellora e mantemento	340.000
Adm. Xeral	920.226.0300	Gastos xurídicos	5.000
Adm. Xeral	920.222.0002	Postais	5.000
Adm. Xeral	920.222.0000	Telefónicas	5.000
Adm. Xeral	920.625.0000	Mobiliario	10.000
			<b>1.323.000</b>

As partidas que ceden crédito son as seguintes:

Partida	Destino	Euros
011.310.0009	Intereses préstamo RD 4/2012	173.000
011.913.0009	Préstamos RD 4/2012	1.150.000

**Segundo.** - Proceder ao trámite de información pública por prazo de 15 días hábiles, no BOP; prazo durante o que os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. Considerarase definitivamente aprobado se ao remate do período de exposición non se tivesen presentado reclamacións; no caso contrario requirirase acordo expreso polo que se resolvan as formuladas e se aprobe definitivamente. O expediente definitivamente aprobado será insertado no Boletín Oficial da Corporación, se o tivera, e resumido por capítulos, no da Provincia.

**8. Modificación da ordenanza de Taxa Expedición Documentos Administrativos.**

Dáse conta que o expediente foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Contas, Emprego, Economía e Patrimonio, celebrada o 26 de xaneiro de 2015.

Non habendo intervencións sometese o acordo a votación ordinaria, aprobouse por unanimidade dos membros da Corporación, a seguinte proposta:



SECRETARÍA

Praza do Concello n1- Petelos  
36416 - Mos (Pontevedra)  
Tfno.: 986 331 200  
Fax. 986 336 618

**Primeiro.-** Acordar modificación do artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos no senso de acordar un novo importe para a taxa correspondente a atestados:

Confección de atestados por accidentes de circulación:

- a xulgado: 60 euros

**Segundo.-** Someter ao trámite de información pública e audiencia aos interesados a referida aprobación por un prazo de 30 días mediante inserción de anuncio no BOP Pontevedra e nun dos diarios de maior difusión da provincia ao efectos de presentación de reclamacións e suxerencias entendéndose adoptado definitivamente o acordo en caso de non presentación das mesmas.

**9. Aprobación da vinculación do Concello ao convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Area de Transporte Metropolitano de Vigo e anexo técnico.**

Dáse conta que o expediente foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Persoal e de Réxime interior, celebrada o 26 de xaneiro de 2015.

O Sr. Parada Fernández quere deixar claro que a súa prioridade son os veciños de Mos, quere tamén manifestar a súa decepción por non poder chegar a un acordo con Vigo, e que van a apoiar todo que levé a adiante melloras no funcionamento de servizos para os veciños de Mos. Pero que non van facer oídos sordos aos informes dos técnicos municipais polo que non van apoiar o levantamento de reparo aos informes; que deberían quedar reflexadas as aportacións que faga o Concello.

O Sr. Aldea Moscoso, manifesta que é un convenio cheo de boas intencións pero con moitas vaguedades e sen concrecións, que hai cousas moi importante que non están como é si van aumentar as rutas ou si vai haber descontos a estudantes ou discapacitados; se fala dunha coordinación pero non hai medidas concretas para o transporte público; deberíase ver tamén o ferroviario. Que a idea está ben pero é moi vaga polo que se van abster.

A Alcaldesa di que si se quere que algo empece a funcionar, deberíase a apoiar este convenio e o que se vai votar é que o transporte sexa máis económico para os veciños de Mos, que claramente hai que pedir mais pero que hai que empezar por algo.

Tras o debate sometese o acordo a votación ordinaria, aprobouse por maioría cos votos a favor do grupo municipal do Partido Popular (10) e coa abstención do grupo municipal do P.S.deG.-P.S.O.E.(5) do B.N.G.(2), o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Levantar o reparo formulado pola Intervención.

**Segundo.-** Aprobar a vinculación do concello ao Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Vigo e anexo técnico.

**Terceiro.-** Aprobar e autorizar o gasto plurianual de acordo coas anualidades recollidas no anexo 2.5 Táboa 5 para o Concello de Mos e demais previstos no Convenio.

**Cuarto.-** Autorizar á alcaldesa para a sinatura do convenio en nome e representación do concello así como para a realización das actuacións necesarias para o seu desenvolvemento.

**Quinto.-** Remitir unha certificación deste acordo á Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas..



## 10. Resolucións Alcaldía.

Dáse por realizado o trámite.

## 11. Comunicacions de Alcaldía.

A Alcaldesa comunica que:

- Que se están tramitando varias subvencións como son: a de contratación de 5 personas do Risga pola Xunta de Galicia e de 30 personas por parte da Deputación con xornadas de 4 horas; concesión de 15.000 euros para actividades culturais, etc.
- Que espera ter, no mes de febreiro, 2 policías mais.
- Que esta semana vai a Consellería de educación para ultimar cuestión das escolas e a Consellería de Benestar para concretar a escola infantil

Cédelle a palabra a concelleira delegada de cultura que di:

- Que hai un Concerto das lagarteiras, o domingo ás 6 en Torroso,
- Que o Sábado día 7, ás 11 presentación do club de xadrez de Mos na biblioteca
- Domingo 15, ás 17,30 horas desfile de comparsas.

## 12. Rogos e preguntas.

Abre a quenda o **Sr. García Morgadas**, e pregúntalle ao concelleiro de vías e obras si vai pintar algun camiño.

Responde, o Sr. Méndez Lago, que soamente se pinta en Sanguñeda e Puxeiros.

Roga que se pinten os camiños principais polo menos das bandas .

Di que nos nichos do cemiterio de Torroso segue entrando auga.

Explica o concelleiro Méndez Lago, que se fixeron unhas reparacións pero si segue entrando auga haberá que facer uns desagües pola parte de atrás.

Roga que se laven os muros exteriores do cemiterio municipal de Torroso e os portais.

Pregunta si hai competencia nas arbores que poidan caer, como por exemplo nun que hai na estrada do Alto de Barreiros a Santiaguíño.


**A Sra. Rodríguez Lorenzo** pregunta por un compromiso que había co construtor Sr. Estevez Responde o concelleiro Méndez Lago que o arquitecto municipal di que teñen que saír polo parque. A concelleira di que ese trozo de terreo é propiedade de San Antoiño, e que se quedara con construtor para que deixara saída.

Conclúese que a concelleira pasará por urbanismo para aclarar a situación.

Roga que poña un tubo pechado polo lateral do cierre do Torreiro de Santiaguíño.

Enfronte Nova Galicia hai uns arbores secos a puntos de caer.

Responde a concelleira de Medio Ambiente, que non se pode asegurar que son os propietarios polo que agora fará o Concello.



SECRETARÍA

A Sra. Pérez Ucha, pregunta xunto o lavadoiro, en Atin, fixose unha obra e agora está intransitable si se vai solucionar.

Pregunta si se vai asfaltar o que se aumentou na estrada Generoso Dominguez.  
Responde o concelleiro de Vías e Obras que si.

Na mesma estrada Generoso Dominguez falta moito cable de alumeado.  
Responde o concelleiro de iluminación que foi roubado pero que se repoñerá.

O Sr. Guisande Alonso roga que se reparen os baches dos camiños de Sanguifeida.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Alcaldesa, levanta a sesión sendo as vinte e unha horas seis minutos do vinte e sete de xaneiro de dous mil quince, estendéndose a presente acta da que como secretario dou fe.

A Alcaldesa  
Visto e prace

  
Nidia Mª Arévalo Gómez

  
O Secretario Acctal.,

Víctor Rodríguez Pérez